



Os camiños da espiritualidade son múltiples e probablemente nada haxa máis importante na vivencia do cristianismo que cada un atope o seu. Nun tempo no que a sede de transcendencia aumenta cada día, segundo medran, tamén, as experiencias de soidade, baleiro e absurdo, consideramos de grande urxencia recuperar vieiros concretos que reconduzan a fontes limpas e fiables onde se poida, ante Deus, reordenar a vida, refrescar o espírito e crecer en humanidade e plenitude. As tendencias difusas que acompañan ás ofertas máis de moda na actualidade soen mesturar elementos de diferentes tradicións nun remexido que non sempre consegue o que pretende. Coa intención de ser moi actuais e dixeribles polo ser humano de hoxe raramente responden á súa verdadeira sede de contraste, fondura e conversión. Adoitan quedar en técnicas superficiais de relaxación do corpo ou da mente que ocupan o tempo sen penetrar realmente na cerna da condición humana e nas súas escuridades máis fondas. Porque a transcendencia non é unicamente activación espiritual, conexión cósmica ou percepción holística. É presenza de Deus. É chamada e resposta. Vocación e misión. É contemplación e transformación. Corpo e espírito. Indivíduo e sociedade. Teoría e praxe. Vida e mundo. Tempo e eternidade.

Un primeiro estudo de Paula Téllez preséntanos o camiño de educación da dimensión espiritual da persoa desde a perspectiva particular, pero universalizable, da vida monacal.

Silvia Bara e Mentxu Martín-Aragón ofrécennos un traballo escrito a catro mans no que, desde perspectivas diversas e complementarias, elaboran una ollada teolóxica e psicolóxica na que afondan nunha proposta moi concreta e factible de pedagogía da espiritualidade cristián.

Dúas achegas máis breves completan o panorama abríndose a figuras e vieiros complementarios. Mariola López invítanos a coñecer a interesantísima figura de Madeleine Delbrêl e a súa vivencia humana, relixiosa e espiritual.

María Cancelo introdúcenos na dura e urxente problemática da resolución de conflitos repensada e reorientada desde os principios fundamentais da espiritualidade ignaciana.

O terceiro estudo deste número está dedicado ao persoeiro ao que este ano a Real Academia Galega decidiu consagrar o Día das Letras Galegas: Francisco Fernández del Riego. Da man de Xesús Portas Ferro temos a oportunidade de achegarnos dunha forma sintética e cordial ao inmenso labor cultural desde importante autor, editor e xestor da nosa cultura.

Marisa Vidal Collazo relátanos a entrega do premio «Mulleres de Compostela 2023» que recibiu a Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria o pasado 6 de marzo. Con este acto, organizado pola Concellería de Igualdade, o Concello de Santiago recoñecía publicamente a traxectoria profesional e vital de nove mulleres e colectivos da cidade polo seu labor a prol da igualdade. Todas elas mulleres que día a día contribúen a construír unha cidade máis igualitaria, máis social e máis humana.

O debuxos de Soedade Pite, xunto coa sempre interesante, global e actual Rolda de Igrexa de Manolo Regal, xunto cunha recensión de María Luisa Berzosa e outra de Pepa Torres, completan un número que ogallá axude a afondar na vivencia da propia espiritualidade que, no fondo, sempre está chamada a ser experiencia de Deus.

Pedro Castelao